OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Divértome no colexio	A situación de aprendizaxe da unidade céntrase en crear un grupo unido e cohesionado que favoreza as interaccións positivas, o coidado entre o alumnado, o respecto mutuo e as aprendizaxes. Ofrécese unha proposta lúdica desde a que traballar no coñecemento das rutinas e das normas.	16	11	X		
2	E ti, como vas?	A situación de aprendizaxe da unidade centra a atención nas diferentes formas de desprazarnos de xeito sostible. Foméntase o uso de medios de transporte respectuosos co aire que repercutan positivamente na saúde da poboación e, polo tanto, na súa calidade de vida. En definitiva, ofrécese un contexto lúdico desde o que traballar a mobilidade sostible	17	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	E ti, como vas?	nas diferentes localidades e, ademais, a seguridade nos desprazamentos.	17	12	X		
3	Protexemos a paisaxe	A situación de aprendizaxe da unidade céntrase no coidado das paisaxes. Foméntase o coidado e a conservación de cada un dos elementos que os conforman. Para iso, propónse un contexto lúdico desde o que traballar o coidado e a prevención dos diferentes elementos da paisaxe para evitar a súa modificación ou deterioración.	17	12		X	
4	A auga e o aire para vivir	A situación de aprendizaxe da unidade focalízase na adquisición de saberes básicos arredor das accións que se poden levar a cabo na casa e no colexio para o aforro da auga. A través dela búscase o coñecemento de recursos naturais como a auga e o aire e de como se interrelacionan cos fenómenos meteorolóxicos, como estratexia preventiva para a súa conservación. As aprendizaxes fórmulanse nun contexto lúdico desde o que valorar as diferentes accións para o aforro da auga.	17	12		X	
5	Aprendo do pasado	A situación de aprendizaxe de partida intenta xustificar a importancia da conservación dos restos do pasado para poder seguir gozando deles. Inténtase concienciar o alumnado da necesidade da súa conservación, e darlle a coñecer hábitos que axuden a conseguilo. En definitiva, achéganse algunhas pautas para coidar dos materiais do pasado, cun punto de partida que se inicia no seu coñecemento, de cales son as claves que nos axuden a interpretalo e a coñecer hábitos e coidados a levar a cabo cando se visitan estes lugares onde observar estes materiais.	16	11			X
6	Coido o meu planeta	Con esta situación de aprendizaxe inténtase concienciar sobre a importancia de protexer o noso medio natural, non poñendo en risco a vida dos seres vivos. Axudará a coñecer os hábitos que se poden levar a cabo e as súas repercusións no medio natural. Para iso, pártese dunha situación real coa que o alumnado pode identificarse e propoñer ideas, sendo conscientes de que aínda queda moito por facer.	17	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Divírtome no colexio	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece as zonas dun colexio e as persoas pertencentes á comunidade educativa.	PE	20
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	É capaz de recoñecer a función da escola na sociedade.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	É capaz de encender un ordenador e abrir un navegador para obter unha información.	TI	80
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	É capaz de solucionar os problemas que xorden no grupo clase sen a participación dun adulto.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Amosa actitudes de igualdade nas actividades do centro.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Cumpre as normas básicas da aula e do centro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
2	E ti, como vas?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Identifica as cuestións positivas e negativas dos medios de transporte, tanto para a sociedade como para o medio ambiente.	PE	50
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Recoñece que medios de transporte son prioritarios na nosa sociedade.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	É quen de traballar en equipo para realizar tarefas relativas ao tema.	TI	50
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	É capaz de manter as normas básicas tanto cando usa un transporte público ou privado como cando vai como peón.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.

UD	Título da UD	Duración
3	Protexemos a paisaxe	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Diferencia as situacións de vida nos diferentes espazos e as actividades que se levan a cabo en cada unha.	PE	34
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Utiliza un navegador para atopar imaxes relativas á unidade.	TI	66
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Valora a importancia de que haxa distintos tipos de paisaxe para a vida no planeta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.

UD	Título da UD	Duración
4	A auga e o aire para vivir	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Identifica as características e usos dos distintos tipos de auga. así como a importancia da calidade do aire que respiramos.	PE	25
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Interésase por coñecer datos sobre a auga e o aire.	TI	75
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	É capaz de realizar un experimento sinxelo sobre a medida da auga.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Amosa interese pola reciclaxe para previr contaminación de auga e aire.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo. - A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
5	Aprendo do pasado	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	É quen de ordenar temporalmente feitos importantes da nosa historia.	PE	35
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Recoñece personaxes importantes e a súa contribución á sociedade.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Usa un navegador para buscar imaxes relativas á unidade.	TI	65
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Formula cuestións sobre o tema para coñecer datos do pasado.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Busca información nas persoas da súa contorna, especialmente familiares, sobre como era a vida antes de nacer eles.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Amosa interese sobre os monumentos da contorna que falan da historia do concello.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
6	Coido o meu planeta	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Formula cuestións relativas á unidade para coñecer mellor o planeta no que vive, buscando respostas.	TI	100
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Fabrica con materiais sinxelos modelos do Sistema Solar que permiten recoñecer o noso planeta e o seu satélite entre os demais.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Amosa interese pola reciclaxe para previr contaminación de auga e aire.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.

Contidos

- A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo.
- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Partimos de imaxes de situacións coñecidas para ir introducindo os contidos de cada unidade. Plantexamos cuestións que lles fagan buscar información entre o que xa saben para inferir outra nova. Traballamos con esquemas que remarquen a información fundamental. Usaremos murais que amosen o que van aprendendo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Asamblea
Murais
Vídeos didácticos

Reunión en asamblea para tratar as cuestións relativas á convivencia, como solucionar os problemas xurdidos durante un período determinado, según as circunstancias (día, semana), analizando se o cumprimento das normas foi axeitado ou non e se poderían ter evitado o conflito. Os Murais permiten amosar de forma esquemática o que van aprendendo. Os videos didácticos nos permiten ver imaxes de lugares e situacións que non podemos ver de forma directa.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Responder de forma oral a cuestións relativas á sociedade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	17	17	16	17	100
Proba escrita	20	50	34	25	35	0	27
Táboa de indicadores	80	50	66	75	65	100	73

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 65%. Rúbricas: 20%. Lista de Cotexo: 15%.

UNIDADE 2: Probas escritas: 35%. Rúbricas: 45%. Lista de Cotexo: 15%. Escala de observación: 5%.

UNIDADE 3: Probas escritas: 30%. Rúbricas: 50%. Lista de Cotexo: 20%.

UNIDADE 4: Probas escritas: 40%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 20%.

UNIDADE 5: Probas escritas: 40%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 20%.

UNIDADE 6: Probas escritas: 30%. Rúbricas: 50%. Lista de Cotexo: 15%. Escala de observación: 5%.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.4 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.3

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 80% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 20%.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc. Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, ou Voz Natura, entre outros.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión e expresión oral e escrita, competencia dixital e comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.2 - Prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X				
ET.3 - A igualdade entre homes e mulleres, rexeitando comportamentos sexistas.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Prestarase atención á educación emocional e aos valores.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Educación vial	A Policía Local dará un curso sobre como debemos comportarnos sendo peóns ou usuarios de transporte.	X	X	
Rueiro pola vila e visita a un museo.	Paseamos pola vila, coñecendo locais e elementos propios da contorna.	X	X	
Fabricando iogures	Visita a unha granxa ecolóxica para ver como funciona e como se fabrican produtos lácteos.		X	
Excursión fin de curso	Coñecer dñe primeira mano o funcionamento dun centro ecuestre, aprendendo que aspectos positivos ten a hípica na saúde.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Valoración e emprego das interrogantes formuladas polo alumnado para xerar aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Porcentaxe de alumnado que acada unha valoración positiva na materia. Indicador de logro: 75% do alumnado debe ter avaliación positiva.
Utilización de recursos e estratexias multinivel adaptadas ao alumnado a ÷a súa diversidade.
Emprego de instrumentos de avaliación adaptados á diversidade.
Porcentaxe de alumnado que supera cada un dos diferentes instrumentos de avaliación empregados: polo menos o 65% do alumnado supera cada un dos tipos de instrumentos.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Porcentaxe de diminución de conflitos con respecto á 1ª avaliación . Indicador de logro: 50% para a segunda avaliación e 70% para a terceira.

Descrición:

Avaliaremos trimestralmente en relación aos indicadores de logro fixados. No caso de non acadar o indicador de logro proposto, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar na seguinte avaliación parcial ou para incluíla na programación do seguinte curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15002165	CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez	Cambre	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	49
4.2. Materiais e recursos didácticos	50
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	51
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	53
6. Medidas de atención á diversidade	55
7.1. Concreción dos elementos transversais	56
7.2. Actividades complementarias	58
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	58
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	59
9. Outros apartados	60

1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 1º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuindo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

* CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 1º CICLO (6 a 8 anos).

- Ámbito cognitivo: están na idade de tránsito da etapa preoperacional ás das operacións concretas (Piaget), na cal existe unha diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estímulo.

- Ámbito motor: comezan a consolidar o seu esquema corporal (ton, relaxación e respiración) e a controlar condutas motrices de base (postura, equilibrio e coordinación); a dominar condutas perceptivo motrices: estruturación espacial / temporal, lateralidade e ritmo. Conseguen o control independente dos segmentos corporais e perfeccionan a motricidade fina e grossa.

- Ámbito afectivo-social: consolidan e amplían o seu proceso de socialización, relacionándose cos demais, respectando regras, dialogando-escoitando e cooperando.

* CONTEXTUALIZACIÓN.

- Centro: CEIP Wenceslao Fernández Flórez. (Cambre-A Coruña)
- Unidades: 19 (6 en EI e 13 en EP)
- Curso: 1º A e 1º B
- Nº alumnos/as: 16 (5 nenas e 11 nenos) en 1º A e 16 (5 nenas e 11 nenos) en 1º B.
- Contorna: Semiurbana
- Instalacións: ximnasio, polideportivo, patio exterior, zona verde no exterior
- Xornada escolar: continua (09:30 a 14:30)

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Educación Física?	<p>Esta UD pretende que o alumnado que se inicia na etapa de Ed. Primaria interiorice os hábitos, valores e actitudes que transmite esta área. Pretendemos que coñeza:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A vestimenta axeitada para a práctica de actividade física. - Hábitos xerais de hixiene tras a práctica dalgunha actividade física - Uso e coidado do material e dos espazos. - Importancia de seguir as regras marcadas. <p>Pautas para a prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento, volta a calma, ...</p>	4	2	X		
2	Coidémonos! É importante.	<p>Con esta unidade didáctica tentaremos crear no alumnado hábitos de saúde para unha mellora da calidade de vida, fomentaremos e faremos cumprir a adopción de prácticas hixiénicas, posturais e alimenticias, contribuír ao benestar físico e mental e persuadir aos nenos/as a que pensen nunha conduta sa fóra do ámbito escolar. Todo iso influirá de xeito positivo na autoestima, e nunha mellor calidade de vida.</p>	9	4	X		
3	Un para todos e todos para un	<p>Os xogos cooperativos son propostas que buscan diminuír as manifestacións de agresividade nos xogos promovendo actitudes de sensibilización, cooperación, comunicación e solidariedade. Buscan a</p>	8	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Un para todos e todos para un	<p>participación de todos, predominando os obxectivos colectivos sobre as metas individuais.</p> <p>Os nenos/as xogan con outros/as e non contra os outros/as; xogan para superar desafíos ou obstáculos e non para superar os demais. Será necesario o traballo en grupo para conseguir un fin común.</p>	8	5	X		
4	Descubrinto como son	<p>Dentro das capacidades perceptivo-motoras atopamos o concepto de corporalidade (Castañer e Camerino). O esquema corporal é un concepto dinámico e maleable que se adquire por aprendizaxe e no que as experiencias xogan un papel fundamental.</p> <p>Unha mala estruturación do esquema corporal e na lateralidade pode ocasionar problemas no ámbito motor (torpeza, descoordinación...), no perceptivo (mala percepción espazo-temporal que pode chegar a repercutir mesmo na lectoescritura) e no afectivo.</p>	7	5	X		
5	Móvome no espazo e no tempo	<p>Toda acción sucede nun espazo e tempo determinado polo que o traballo da espacialidade e temporalidade é indivisible.</p> <p>A percepción supón a recepción da información que nos chega a través dos sentidos, por iso, se pretende que o alumnado interiorice e automatice nocións básicas como: arriba-abaixo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita... para orientarse no espazo próximo.</p>	6	5	X		
6	Des....plazándome	<p>Unha vez traballadas as capacidades de conciencia corporal, control postural (o equilibrio) e nocións espazo-temporais en unidades didácticas anteriores convén traballar as habilidades motrices básicas. Nesta unidade didáctica centrarémonos en diferentes tipos e formas de desprazarse: en grupos, imitando animais, trepando, en parellas, con diferentes tipos de obxectos, transportes, reptacións, empregando diferentes tipos de apoio, etc.</p>	7	5	X		
7	Salto e Xiro	<p>Seguindo co traballo das habilidades motrices básicas, esta UD estará enfocada aos saltos e xiros.</p> <p>Ambas habilidades permitirá ao alumnado adquirir unha bagaxe motriz fundamental para desenvolverse en diferentes situacións.</p>	7	5		X	
8	Lanzo e Recepciono	<p>Os lanzamentos e as recepcións son dúas habilidades motrices moi importantes para unha posterior iniciación deportiva en</p>	7	4		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Lanzo e Recepciono	<p>calquera dos deportes coñecidos (Fútbol sala, Balonmán, Voleibol), ademais de que permiten que os alumnos/ as poidan realizar adecuadamente abundantes cantidades de xogos, que requiren un certo nivel en canto a habilidades motrices deste tipo (xogo dos dez pases, o balón prisioneiro, etc).</p> <p>Polo tanto, nesta unidade, trataremos de que o alumnado practique estas habilidades motrices, coa intención de facilitar unhas aprendizaxes relevantes para unha variada gama de contenidos de Educación Física, que posteriormente traballarán.</p>	7	4		X	
9	Os equilibristas de cole	<p>O equilibrio está presente en practicamente calquera tarefa dentro da Educación Física. Un bo desenvolvemento desta capacidade física traerá consigo unha maior eficiencia nas execucións (consecución dun obxectivo co mínimo gasto enerxético).</p> <p>Nesta unidade didáctica traballaremos o equilibrio estático, dinámico e con obxectos, realizando tarefas de equilibrios sobre diversos puntos de apoio, mantemento en equilibrio de diferente material coas partes corporais, desprazamentos por superficies de apoio inestables ou reducidas...</p>	7	4		X	
10	Como me movo?	<p>A coordinación é un elemento fundamental no desenvolvemento físico das persoas. Está presente en todos os movementos que realiza o ser humano, desde as actividades da vida diaria ata os xestos deportivos.</p> <p>Distinguiremos varios tipos de coordinación, que agruparemos en dous grandes núcleos: coordinación dinámica xeral e coordinación parcial- segmentaria.</p>	7	6		X	
11	Que podemos facer diferente?	<p>O traballo das HMB e o xogo é algo que non se pode tratar de xeito illado e independente dentro do contexto educativo da Educación Física. Ambos forman parte dun proceso global de ensino e aprendizaxe.</p> <p>Con esta UD pretendemos seguir traballando as HMB a través de xogos con obxectos, perseguindo dar unha gran variabilidade na experimentación con material de refugallo ou reciclable (latas, xornais, rodas, caixas de cartón, botellas...), novidoso e motivante para o alumnado.</p>	5	5		X	
12	Non escoites, non mires, non fales...simplemente sente.	<p>Concienciación do grupo da integración/inclusión do alumnado con</p>	8	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	Non escoites, non mires, non fales...simplemente sente.	algunha discapacidade. Para iso realizaremos sesións dirixidas á discapacidade visual, motora e auditiva.	8	5			X
13	Como o digo sen falar?	A creatividade e recursos expresivos do alumnado son os aspectos máis destacables a ter en conta no desenvolvemento desta unidade didáctica. Partindo da creatividade e motivación dos nenos e nenas desenvolverase a expresión corporal a través do mimo, da representación e do movemento corporal (aeróbic e danzas).	6	5			X
14	No mundo xogaban e xogamos todos	Con esta unidade didáctica pretendemos que os alumnos/as coñezan e practiquen danzas e xogos populares, autóctonos e tradicionais como vínculo e parte do patrimonio cultural de Galicia, de forma que as coñezan e contribúan ao seu mantemento.	6	5			X
15	Gozamos da Natureza e o entorno	As actividades físicas no medio natural e urbano posúen un gran potencial educativo, e isto é debido tanto á variedade de habilidades desenvoltas nas actividades propostas como ao medio onde se realizan. A importancia da educación ambiental, a conservación, coñecemento e goce da natureza e práctica de actividades educativas, de ocio ou física no medio natural son, sen dúbida, piares importantes con referencia á formación dunha nova conciencia cidadá con respecto ao medio. "Pouco se pode respectar se non se coñece e non se goza".	6	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Educación Física?	2

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos dun estilo de vida activo	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.		
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA1.4 - Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución tras unha análise dos resultados obtidos.		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.		
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade.		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.		
CA2.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.		
CA2.2 - Participar en xogos de activación e volta á calma, recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Participar e recoñecendo a utilidade dos xogos de activación e volta á calma.		
CA2.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA2.5 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participar activamente e gozar dos xogos e outras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo.		
CA2.8 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das mesmas.		
CA3.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos dun estilo de vida activo		
CA3.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos ou cuestións técnicas artísticas plásticas e audiovisuais) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense a meirande parte dos contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliación continua se refire.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquiera os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

O alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua:

- Neste centro danse moitos casos de incorporación de alumnado que accede ao centro unha vez iniciado ou xa moi avanzado o curso. Levarase a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo e traballarase na comunicación facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqúí numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Expoñer nun lugar do centro as obras realizadas na aula ao longo dos tres trimestres.	X	X	X
Decoración de corredores	Decorar os corredores do centro seguindo a temática das festividadeas reflectidas no calendario escolar.	X	X	
Saída a unha zona de árbores de folla caduca	Recoller distintos tipos de follas de árbores para realizar a actividade de frottage.	X		
Colaboración co tema escollido polos equipos dinamizadores do colexio	Decorar os corredores e expoñer os traballos realizados sobre o tema "A auga e a súa vital importancia.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluírse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiqúí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.-Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.

- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluírse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15002165	CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez	Cambre	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	1º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	33
4.2. Materiais e recursos didácticos	35
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	35
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	35
6. Medidas de atención á diversidade	36
7.1. Concreción dos elementos transversais	37
7.2. Actividades complementarias	38
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	38
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	39
9. Outros apartados	40

1. Introducción

A presente programación didáctica corresponde ao 1º curso de Educación Primaria para o ano académico 2023/2024 para da área de lingua castelá e literatura.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área do proxecto competencial nun centro público de educación infantil e primaria, emprazado no núcleo urbán de Cambre que recibe alumnado tanto da súa zona de influencia como da escola unitaria adscrita, en San Bartolomeu (Pravio). Este alumnado chega ao noso centro para cursar a primaria, integrándose nas aulas de primeiro curso co alumnado que cursou a etapa de educación infantil no propio centro Wenceslao. Este centro é de liña dous, agás en cuarto de primaria que é de liña 3, é dicir, ten 19 unidades, sendo 6 delas de educación infantil e 13 unidades de educación primaria. Esta programación vai dirixida a un grupo de 32 alumnos/as, dos que ningún é repetidor.

A ensinanza de lingua castelá e literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Asemade, a aprendizaxe desta área non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

Bloque 1: A lingua e os seus falantes.

Bloque 2: Comunicación oral.

Bloque 3: Comunicación escrita.

Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional.

Bloque 5: Educación literaria.

Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	En busca del tesoro	Lectoescritura de l, m, p e s. O artigo determinado. As letras e as palabras. O cofre do tesouro.	8	10	X		
2	Tiempo de otoño	Lectoescritura de t, n, d e c/q/k. Os artigos indeterminados. AS sílabas nas palabras. Palabras encadeadas	8	12	X		
3	Mi cuerpo	Lectoescritura de b, v, r e z/c. Si e non. As palabras e a oración. Así son eu.	8	12	X		
4	En familia	Lectoescritura de ll, f, g e h. O punto e a coma. A onomatopea. Presento a miña familia.	10	12	X		
5	El semáforo	Lectoescritura de ñ, j/g. Comprensión lectora. Signos de interrogación e admiración. Familias de palabras. As retahílas.	8	12		X	
6	Bajo el mar	Lectoescritura de ch, w, x e y. Lectura comprensiva. O nome. Os sinónimos. Os trabalinguas. Un código secreto.	8	12		X	
7	¡Ya huele a primavera!	Lectoescritura de pl, pr, bl e br. Comprensión lectora. O xénero e o número dos nomes. Os antónimos. As adiviñas. Pintamos paisaxes con palabras.	8	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Ya no tengo miedo	Lectoescritura de tr, dr, gl e gr. Comprensión lectora. Os adxectivos. Aumentativos e diminutivos. Os ditos. Creamos historias de medo.	10	12		X	
9	Safari fotográfico	Lectoescritura de fl, fr, cl e cr. Comprensión lectora. O verbo. Palabras con z e c. O teatro. Damos a nosa opinión.	8	12			X
10	De príncipes y princesas	Comprensión lectora. Palabras con mb e mp. A oración. O conto. Os contacontos.	8	12			X
11	Gloria, la más fuerte	Comprensión lectora. O suxeito. O uso das maiúsculas. O poema. Recitamos.	8	12			X
12	Vacaciones de verano	Comprensión lectora. O predicado. A r suave e forte, As novas. Que tempo fará?	8	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	En busca del tesoro	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Realiza textos escritos usando as normas aprendidas.	PE	18
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Recoñece distintos tipos de palabras e enunciados atendendo a súa concordancia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística da lingua.	TI	82
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce un pequeno refrán con axuda de imaxes.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil identificando o sentido global do texto.	Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase na utilización das novas tecnoloxías, de forma acompañada, para a localización e selección da información de distintos anuncios publicitarios.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula.	Coida, conserva e utiliza os libros da biblioteca de aula.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecturas compartidas propostas pola biblioteca do centro.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca do centro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - A diversidade etno-cultural e lingüística no contexto escolar e familia. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes.

Contidos

- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Inicio no coñecemento básico respecto á organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións que facilitan a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
2	Tiempo de otoño	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Realiza textos escritos usando as normas aprendidas.	PE	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Recoñece distintos tipos de palabras e enunciados atendendo á súa concordancia.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	84
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística da lingua.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil identificando o sentido global do texto.	Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada á súa idade, identificando a información relevante do texto.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase na utilización das novas tecnoloxías, de forma acompañada, para a localización e selección da información de distintos anuncios publicitarios.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca do centro.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.
- Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Procesos: interacción oral
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións que facilitan a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.

UD	Título da UD	Duración
3	Mi cuerpo	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Realiza textos escritos usando as normas aprendidas.	PE	8
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	92
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística da lingua.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce un pequeno refrán con axuda de imaxes.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Fai prediccións sobre o tema principal a partir do título e ilustracións do texto.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase na utilización de novas tecnoloxías, de forma acompañada, para a localización e selección da información de distintos anuncios publicitarios.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca do centro.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Disfruta escoitando e lendo textos literarios de diferentes autores e autoras.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propia tendo como axuda as autoinstrucións traballadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna.
- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido (tema, léxico).
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente
- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Inicio no coñecemento básico respecto á organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións que facilitan a comprensión do texto.
- Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
4	En familia	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Elabora con axuda algunha norma de aula.	PE	16
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Realiza textos escritos usando normas aprendidas.		
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística da lingua.	TI	84
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase na utilización das novas tecnoloxías, de forma acompañada, para a localización e selección da información de distintos anuncios publicitarios.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.	Expón a información recollida sobre un anuncio publicitario referente a lugares coñecidos.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iníciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura de información.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca do centro.		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Participar activamente nas dramatizacións.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Disfruta escoitando textos de distintos autores e autoras.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Recoñece distintos tipos de palabras e enunciados atendendo á concordancia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - Xéneros discursivos - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: comprensión oral - Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios... - Procesos: comprensión lectora - Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos. - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social. - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións que facilitan a comprensión do texto. - Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. - Modelos explícitos para comunicar a información. - Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.

Contidos

- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
5	El semáforo	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece persoas que falan galego a maiores do cole: persoal sanitario, familiares...	TI	100
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais e coas perspectivas de xénero.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Fai predicións sobre o tema principal a partir do título e ilustracións dun texto.		
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Realiza textos escritos usando as normas aprendidas.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase na utilización das novas tecnoloxías, de forma acompañada, para a localización e selección da información de distintos anuncios publicitarios.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iníciase de forma segura nas novas tecnoloxías para a procura de información.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	Comeza a seleccionar textos do seu interese.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola Biblioteca do centro.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propia tendo como axuda as autoinstrucións traballadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A diversidade etno-cultural e lingüística no contexto escolar e familia. - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario básico. - Procesos: interacción oral - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: comprensión oral - Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios... - Procesos: comprensión lectora - Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos. - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Inicio no coñecemento básico respecto á organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. - Modelos explícitos para comunicar a información. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable - Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses. - Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. - Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.

UD	Título da UD	Duración
6	Bajo el mar	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Realiza textos escritos usando as normas aprendidas.	PE	7
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria.	TI	93
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprende con apoios as ideas principais dun texto informativo.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende ás intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase na utilización das novas tecnoloxías de forma acompañada, para a localización e selección da información de distintos anuncios publicitarios.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.	Expón a información recollida sobre un anuncio referente a lugares coñecidos.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	Comeza a seleccionar textos do seu interese.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecuras compartidas propostas pola biblioteca do centro.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca do centro.		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Participa activamente nas dramatizacións.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relaciona o aprendido nunha lingua con outra.		
